

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO
27 DE MARZO DE 2023

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do luns 27 de marzo de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 22-03-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario

A celebración do pleno adopta a modalidade de “presencial” según Decreto de Alcaldía de data 22 de marzo de 2023

1. Partido Popular (PP)
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
2. Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Emilio Andrés González Regueira.
4.-Gerardo Pardavila Fernández.
5.-Asier Casais Álvarez
6.-Tania Redondo Fernández
7.-José Ángel Silva González
3. Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
4. Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)



1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
5. Suma Ribeira (SR)
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE 27 DE FEBREIRO DE 2023.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario** celebrado o **27 de febreiro de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria** do día **27 de febreiro de 2023**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **27 de febreiro de 2023**.

2.- DESIGNACIÓN CRONISTA OFICIAL CIDADE DE RIBEIRA (XOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ PAZOS)

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2023 do seguinte tenor literal:

*De acordo co **artigo 189 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante ROF)**:*

«As Corporacións Locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos a fin de premiar especiais merecementos, beneficios, sinalados ou servizos extraordinarios».

O **artigo 190 do ROF** establece que:



«1. Así mesmo, estarán facultados os Concellos, Deputacións Provinciais e Cabidos e Consellos Insulares para acordar nomeamentos de fillos predilectos e adoptivos e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que nos galardoados concorran e que serán aplicados co maior rigor en expediente que se instruíra ao efecto.

2. Os nomeamentos de membros honorarios das Corporacións non outorgarán en ningún caso facultades para intervir no goberno ou administración da entidade local, pero habilitarán para funcións representativas cando estas deban exercerse fóra da demarcación territorial respectiva. Para concedelos a estranxeiros requirirase autorización expresa do Ministerio para as Administracións Públicas, previo informe do de Asuntos Exteriores».

D. Xosé María Fernández Pazos naceu na ribeirense rúa do Campo de Marte e é licenciado con grao en Xeografía e Historia, profesor de EXB e xornalista, labor que desenvolveu na Radio Galega dende a súa fundación en 1985.

Foi xefe dos informativos da emisora autonómica, subdirector da emisora, xefe do servizo de Teletexto e Internet da CRTVG, servizos que fundou en 1995, e responsable da área do servizo de Radio Exterior da Radio Autonómica. Foi responsable do Arquivo Sonoro e da web da RTG e do portal dedicado á historia de mesma.

O longo da súa traxectoria dirixiu e presentou programas dedicados á actualidade, o mar, o agro, a emigración e as novas tecnoloxías como “Código” e “Banda Ancha” e creou a canle “CódigoTV” e a emisora “ Nostalxia FM” no niño de empresas da Universidade de Santiago.

Foi amais asesor histórico da película “A illa das mentiras” e participou na elaboración de programas da TVG.

Conta no seu haber con numerosos premios e recoñecementos ao seu labor profesional comoo “Galicia de Comunicación” e o “Manuel Beiras” entre outros mais de vinte.

Colaborador de La Voz de Galicia, el Correo Gallego, Ideal Gallego e Diario de Arousa, mantivo durante varios anos unha sección fixa semanal sobre información da emigración no primeiro xornal en lingua galega, O Correo Galego.

No seu haber figuran preto de cen artigos sobre a xeografía e a historia local, e editou varias obras dedicadas á comarca e o concello. Colaborador de Gran Enciclopedia Galega, participou na redacción de varias obras e publicacións sobre historia e xeografía, entre eles “Sálvora, memoria dun naufraxio. A Traxedia do Santa Isabel”, que vai xa pola súa terceira edición e “ Santa Uxía de Ribeira. Oito séculos de Comunidade” que recolle a historia de Ribeira e na que colaboraron outra media ducia de autores. Amais publicou colaboracións en obras conxuntas de temática histórica, xornalística e técnica.

Actualmente o seu labor profesional compaxínase coa dirección das webs “CodigoCero.com” e “Obarbanza.gal” e as revistas mensuais “Código Cero” e “O Barbanza”.

É doutorando da universidade compostelán facendo a investigación sobre a emigración a América nos buques da Compañía Transatlántica Española: o Santa Isabel e o San Carlos e mantén a web “riveira.info” no que se recolle a historia local.

Por canto antecede, propónse á Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

PRIMEIRO:-Nomear como **Cronista Oficial da Cidade de Ribeira** a **D. Xosé María Fernández Pazos** en recoñecemento ós numerosos méritos acreditados para tal fin.

SEGUNDO:-Notificalo presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO:-Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como á Xunta de Voceiros dos grupos con representación municipal tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS



LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 PSG_PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023 sobre **DESIGNACIÓN CRONISTA OFICIAL CIDADE DE RIBEIRA (XOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ PAZOS)** e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:-Nomear como **Cronista Oficial da Cidade de Ribeira a D. Xosé María Fernández Pazos** en recoñecemento ós numerosos méritos acreditados para tal fin.

SEGUNDO:-Notificalo presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO:-Facultar tanto ó Sr. alcalde-presidente como á Xunta de Voceiros dos grupos con representación municipal tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

3.- CANCELACIÓN CONDICIÓN RESOLUTORIA PARCELA Nº 11, PROXECTO DE COMPENSACIÓN ÁREA DE REPARTO SOLO URBANIZABLE (S.U.Z. 4) PERTENCENTE Á ENTIDADE FONTANAROUSA S.L. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

VISTO o escrito presentado con data 28 de abril de 2022 e rexistro de entrada nº 8168 por D. José Manuel Novoa Durán co DNI nº 35.428.639-Z e Dna. María Soledad Pérez Castro, co DNI nº 33.155.701-M, actuando en nome e representación da compañía Mercantil FONTANAROUSA S.L, co CIF B-15918485 domiciliada na rúa Cristobal Colón, nº 19, baixo , Santa Uxía de Ribeira, no que solicitan a cancelación da condición de que a entidade "Fontanarousa S.L", conclúa a construción das vivendas de protección oficial nos prazos previstos no respectivo plan parcial do SUZ-4 ou subsidiariamente nos prazos previstos no artigo 189 da LOUGA, é dicir antes de agosto de 2011, gravamen que pesa sobre a finca da súa propiedade de 2008 coa finalidade de ampliación da praza pública na que estaba ubicado, finalidade cumprida pola Administración Municipal.

ACREDITADO que o incumprimento polo adxudicatario da obriga libremente asumida no seu día levaría aparellado o nacemento do dereito da Administración municipal para esixir a reversión do 10% do aproveitamento urbanístico que corresponde ao Concello no SUZ-4 e que foi permutado polo inmovible nº 65 da Avda do "General Franco" según acordo plenario de 29 de setembro de 2008 coa finalidade de ampliación da praza pública na que estaba ubicado, finalidade cumprida pola Administración Municipal.



CONSIDERANDO que o efecto **inmediato** posterior deste incumprimento sería á **resolución automática** e a **reversión das propiedades permutadas ó seus orixinais propietarios** xa que, en realidade, dita transmisión nunca se produciu: estaba suxeita ao cumprimento da condición resolutoria, que neste sentido era máis ben «suspensiva».

CONSIDERANDO que o anterior implicaría efectivamente a rerversión ó Concello de Ribeira do **10% do aproveitamento urbanístico que lle corresponde no SUZ**-, así como a restitución por parte do Concello do **ben inmueble permutado pola entidade Fontanarousa SL**, ben que actualmente é inexistente, polo que non se podería chegar a esta solución xurídica na práctica por unha imposibilidade material.

En aras de conquistar unha solución amigable e evitar maiores prexuízos á Administración Municipal.

VISTO o informe de Secretaría de data 14 de marzo de 2023,

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas, que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

Primeiro:-Proceder de mutuo acordo á cancelación da **CONDICIÓN RESOLUTORIA PARCELA Nº 11, PROXECTO DE COMPENSACIÓN ÁREA DE REPARTO SOLO URBANIZABLE (S.U.Z. 4) PERTENCENTE Á ENTIDADE FONTANAROUSA S.L.**

Segundo:-Notificar o presente acordo á **entidade Fontanarousa SL** para a subscrición dun convenio no que se formalice o mesmo.

Terceiro:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 7 PBB

-ABSTENCIÓNS: 5 (2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **CANCELACIÓN CONDICIÓN RESOLUTORIA PARCELA Nº 11, PROXECTO DE COMPENSACIÓN ÁREA DE REPARTO SOLO URBANIZABLE (S.U.Z. 4) PERTENCENTE Á ENTIDADE FONTANAROUSA S.L** e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Proceder de mutuo acordo á cancelación da **CONDICIÓN RESOLUTORIA PARCELA Nº 11, PROXECTO DE COMPENSACIÓN ÁREA DE REPARTO SOLO URBANIZABLE (S.U.Z. 4) PERTENCENTE Á ENTIDADE FONTANAROUSA S.L.**

Segundo:-Notificar o presente acordo á **entidade Fontanarousa SL** para a subscrición dun convenio no que se formalice o mesmo.



Terceiro:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.- MEMORIA MUNICIPALIZACIÓN PARKING CENTENARIO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

VISTA a adxudicación do contrato “CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN, POLO SISTEMA DE CONCESIÓN, DUN APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO DENOMINADO CAMPO DAFEIRA”, á empresa “PROMOCIONES INMOBILIARIAS DEL PISUERGA, S.A.” (PROINSA), en data 29/03/2004 cos seguintes feitos posteriores:

- Contrato formalizado en data 01/09/2004.
- Inicio do procedemento para resolver o contrato de CONSTRUCCIÓN E XESTIÓN, POLO SISTEMA DE CONCESIÓN, DUN APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO DENOMINADO CAMPO DAFEIRA, mediante acordo do Pleno da Corporación, de data 29/07/2019, tendo en conta a situación de concurso de acredoresno que se encontraba a empresa concesionaria desde o 16 de febreiro de 2010.
- Resolución efectiva do contrato, mediante acordado Pleno da Corporación, de data 22/06/2020.
- Inicio do procedemento para facer efectiva a resolución e proceder á liquidación desta, mediante Resolución de Alcaldía 202104/123 de data 13/04/2021.
- Acta de recepción das infraestruturas inherentes ao expediente de contratación de data 30/04/2021, se ben a xestión do aparcadoiro continuaría sendo realizada temporal e provisionalmente por PROINSA, a través dous seus administradores concursais, ata que o Concello de Ribeira puidese asumir a xestión do servizo ditando ao efecto os actos administrativos correspondentes.
- Resolución-Decreto de Alcaldía nº 202211/157 de data 09/11/2022, polo que se require a PROINSA, a documentación necesaria para o cumprimento do mandato contido no acordo plenario de data 22/06/2020 e con fin de asumir a xestión íntegra das instalacións.

CONSIDERANDO que mediante acordo de pleno (sesión extraordinaria e urxente) de 9 de febreiro de 2023 noméase unha comisión de estudo co encargo de elaborar unha MEMORIA xustificativa, á que fai referencia o artigo 97 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e os artigos 59 e seguintes do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que -con relación ao exercicio polo Concello da actividade económica de aparcadoiro- analice os seguintes aspectos:

1. Social
2. Xurídico
3. Técnico
4. Financeiro

Redactada a devandita memoria pola Comisión designada ó efecto e realizada a tramitación legalmente establecida propónse á Comisión Informativa que, previa, deliberación e exame sobre o expediente da súa razón emita ditame favorable sobre o seguinte:

PRIMEIRO:-Aprobar inicialmente a memoria para a “Municipalización do APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO DENOMINADO CAMPO DA FEIRA”, considerando como a forma máis axeitada para a xestión do servizo público, a Xestión indirecta mediante contrato de servizos polos seguintes motivos:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231076677
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 19/04/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/04/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/04/2023 13:45:19		Fecha: 19/04/2023 Hora: 13:45



1ª) A xestión directa total do servizo nas condicións propostas implican a ampliación do cadro de persoal adscrito ao servizo, o cal viría dificultado pola taxa de reposición de efectivos regulada na lei de orzamentos do Estado de 2023, que implica que as prazas necesarias por riba do número de dous, están afectadas pola taxa de reposición ordinaria do 110%.

2ª) Por outro lado, a xestión indirecta mediante concesión de servizo ten como inconveniente a complexidade de tramitación do expediente con toda a documentación esixida pola actual Lei de contratos do sector público, incluíndo o informe da Oficina Nacional de Avaliación ao esixir a achega municipal para asegurar a rendibilidade da concesión, e o elevado número de anos necesario para asegurar a amortización das obras de rehabilitación, o cal constrinxiría a capacidade de decisión das corporacións futuras sobre o servizo.

3ª) Polo contrario, a opción de xestión municipal apoiada por unha empresa mediante un contrato de servizos de portaría e mantemento ten a vantaxe de que o concello retería a capacidade de decisión sobre as instalacións, cunha maior flexibilidade de cara a futuros cambios do servizo en función da demanda dos cidadáns, sempre iso si, que se consiga dotar orzamentariamente as contías pertinentes para a dita xestión e sobre todo, para a execución das obras de rehabilitación no presuposto municipal

SEGUNDO. Someter a Memoria, a **información pública** por un prazo de trinta días naturais, anunciándose no Boletín Oficial de A Provincia e no taboleiro de edictos deste Concello, a efectos de que polos particulares e Entidades, poidan formular as observacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>].

TERCEIRO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 2 PSG-PSOE

-ABSTENCIÓNS: 8 (7 PBBI, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 21 de marzo de 2023 sobre **MEMORIA MUNICIPALIZACIÓN PARKING CENTENARIO** en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a memoria para a “**Municipalización do APARCADOIRO SUBTERRÁNEO NO DENOMINADO CAMPO DA FEIRA**”, considerando como a forma máis axeitada para a xestión do servizo público, a **Xestión indirecta mediante contrato de servizos** polos seguintes motivos:

1ª) A xestión directa total do servizo nas condicións propostas implican a ampliación do cadro de persoal adscrito ao servizo, o cal viría dificultado pola taxa de reposición de efectivos regulada na lei de



orxamentos do Estado de 2023, que implica que as prazas necesarias por riba do número de dous, están afectadas pola taxa de reposición ordinaria do 110%.

2º) Por outro lado, a xestión indirecta mediante concesión de servizo ten como inconveniente a complexidade de tramitación do expediente con toda a documentación esixida pola actual Lei de contratos do sector público, incluíndo o informe da Oficina Nacional de Avaliación ao esixir a achega municipal para asegurar a rendibilidade da concesión, e o elevado número de anos necesario para asegurar a amortización das obras de rehabilitación, o cal constringiría a capacidade de decisión das corporacións futuras sobre o servizo.

3º) Polo contrario, a opción de xestión municipal apoiada por unha empresa mediante un contrato de servizos de portaría e mantemento ten a vantaxe de que o concello retería a capacidade de decisión sobre as instalacións, cunha maior flexibilidade de cara a futuros cambios do servizo en función da demanda dos cidadáns, sempre iso si, que se consiga dotar orxamentariamente as contías pertinentes para a dita xestión e sobre todo, para a execución das obras de rehabilitación no presuposto municipal

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o proxecto do Regulamento interno do Aparcadoiro “Praza do Centenario”.

TERCEIRO. Someter a Memoria, a información pública por un prazo de trinta días naturais, anunciándose no Boletín Oficial de A Provincia e no taboleiro de edictos deste Concello, a efectos de que polos particulares e Entidades, poidan formular as observacións que estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.ribeira.gal>].

CUARTO.- Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo

(auséntase o Sr. Pérez Outeiral, GM PP, ó estar incurso en causas de incompatibilidade para debater e votar o seguinte punto da orde do día, en cumprimento do disposto no artigo 76 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

5.- ACORDO-CONVENIO COA SOCIEDADE HIJOS DE PALMEIRA PARA OBTENIR A CESIÓN DO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL PARA CREAR NOVAS ÁREAS DE OCIO E ESPARCEMENTO E DE ZONAS VERDES E MELLORAR A DOTACIÓN DE APARCADOIROS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

O Concello de Ribeira adolece de carencias no que se refire a chan público de carácter municipal na parroquia de Palmeira que dificultan a posibilidade de emprender por este Concello actuacións dirixidas a crear novas áreas de ocio e esparcemento e de zonas verdes así como mellorar a dotación de aparcamentos.

As devanditas carencias motivan o interese desta Administración Municipal en poder dispoñer do antigo campo de fútbol anexo á sede da Sociedad Hijos de Palmeira, máis concretamente a intención é da subscribir un contrato de arrendamento en canto o uso deste terreo por un período de 40 anos, período durante o que o Concello se compromete a aboar unha suma anual de 30.000 euros ,ademais das correspondentes actualizacións do IPC.



A intención do Concello de Ribeira reside en promover en canto á área de esparcemento situada na zona máis próxima á ría Lorenzo Mene, así como crear zonas verdes, áreas de xogo e un espazo deportivo para beneficio dos habitantes desta parroquia e os seus visitantes.

Extinguido o período de 40 anos e no caso de que non se acordase unha prórroga sobre a disposición do terreo as melloras alí introducidas pasarían a ser propiedade da Sociedad Hijos de Palmeira.

Por canto antecede proponse á Comisión Informativa que previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

-PRIMEIRO:- Iniciar o expediente para o arrendamento por un período de 40 anos dos terreos do antigo campo de fútbol cunha extensión aproximada de 10.000 m2 propiedade da sociedade "Hijos de Palmeira" coa fin de crear novas áreas de ocio e esparcemento e de zonas verdes, así como mellorar a dotación de aparcamentos.

-SEGUNDO:- Establecer un canon en concepto de arrendamento anual de 30.000 euros, ademais das correspondentes actualizacións do IPC.

-TERCEIRO:- Extinguido o período de 40 anos e no caso de que non se acordase unha prórroga sobre a disposición do terreo as melloras alí introducidas pasarían a ser propiedade da Sociedad Hijos de Palmeira

-CUARTO:- Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a efectividade do presente acordo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 8 PP

-VOTOS EN CONTRA: 12 (7 PBBI, 2 PSG-PSOE 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta non aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 21 de marzo de 2023 sobre **ACORDO-CONVENIO COA SOCIEDADE HIJOS DE PALMEIRA PARA OBTENIR A CESIÓN DO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL PARA CREAR NOVAS ÁREAS DE OCIO E ESPARCAMENTO E DE ZONAS VERDES E MELLORAR A DOTACIÓN DE APARCADOIROS.**

(reincorpórase o Sr. Pérez Outeiral, GM PP)

6.- MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN.



Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

“VISTA a Providencia de data 15/03/2023. (Proposta de modificación da composición da Mesa de Contratación Permanente no Concello de Ribeira).

CONSIDERANDO que mediante acordo de pleno (sesión ordinaria) de data 25 de xuño do 2018 aprobouse a Composición da mesa de contratación permanente do concello de Ribeira.

VISTA a proposta de modificación da composición da Mesa de Contratación e o informe xurídico que consta no expediente, propónse á Comisión Informativa que, previa, deliberación e exame sobre o expediente da súa razón emita ditame favorable sobre o seguinte:

PRIMEIRO:- Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Ribeira ós efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos seguintes termos:

a)	b) TITULARES	c) SUPLENTE	
d) PRESIDENTE	e) Primeira Tenente de alcalde f) María José Sampedro Fernandez	g) Segundo Tenente de alcalde h) Manuel Emilio Pérez outeiral	
i) VOGAIS	j) Secretario Xeral k) (con funcións de asesoramento xurídico) l) Juan Manuel Salguero del Valle	m) Técnico de administración xeral de urbanismo n) José Martínez de Llano Orosa	
	o) Interventor p) Pablo Bao Castro	q) Técnico de Xestión Financeira r) Jorge González Mariño	
	s) Técnica de administración xeral t) María Sieira Ríos	u) Técnica de desenvolvemento local v) María Paz Vidal	
	w) SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	x) Xefa do Servizo de Contratación y) (Técnica de administración xeral) z) María Teresa Cid Poza	aa) PRIMEIRO SECRETARIO SUPLENTE
cc) Administrativo do departamento de contratación			ff) Auxiliar do departamento de contratación
dd) Ángel Manuel			gg) José
ee) Pena Romay			Manuel Olveira Brión

SEGUNDO.Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

TERCEIRO:-Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia deste concello.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 16 (9PP, 7 PBB)

-VOTOS EN CONTRA: 0



-ABSTENCIÓNS: 5 (2 PSG-PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 21 de marzo de 2023 sobre **MODIFICACIÓN COMPOSICIÓN MESA DE CONTRATACIÓN** en consecuencia aproba:

PRIMEIRO:- Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente do concello de Ribeira ós efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, nos seguintes termos:

hh)	ii) TITULARES	jj) SUPLENTES
kk) PRESIDENTE	ll) Primeira Tenente de alcalde mm) Maria José Sampedro Fernandez	nn) Segundo Tenente de alcalde oo) Manuel Emilio Pérez outeiral
pp) VOGAIS	qq) Secretario Xeral rr) (con funcións de asesoramento xurídico) ss) Juan Manuel Salguero del Valle	tt) Técnico de administración xeral de urbanismo uu) José Martínez de Llano Orosa
	vv) Interventor ww) Pablo Bao Castro	xx) Técnico de Xestión Financeira yy) Jorge González Mariño
	zz) Técnica de administración xeral aaa) María Sieira Ríos	bbb) Técnica de desenvolvemento local ccc) María Paz Vidal
ddd) SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	eee) Xefa do Servizo de Contratación fff) (Técnica de administración xeral) ggg) María Teresa Cid Poza	hhh) PRIMEIRO SECRETARIO SUPLENTE iii) SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE
		jjj) Administrativo do departamento de contratación kkk) Ángel Manuel Pena Romay lll) Manuel Oliveira Brión

SEGUNDO.Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

TERCEIRO:-Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia deste concello.

7.- APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE COCHE ELÉCTRICO.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 14 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

“**LOGO DE VER** a providencia de Alcaldía de data 12 de xaneiro do presente ano, polo que se ordeaba o inicio de expediente de aprobación da ordenanza fiscal da taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos.

E DE VER que en data 27 de xaneiro ordenabase por esta Alcaldía o inicio do periodo de Consulta previa da ordenanza mencionada conforme ó disposto no artigo 133 da Lei 39/2015.



Logo de ver os informes favorable de tesouraría e intervención municipal e da secretaría que constan no expediente.

Tendo en conta a necesidade de proceder á aprobación da devandita ordenanza co obxectivo de por en marcha a iniciativa A42/B45/18 que figura no Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACE) aprobado polo concello pola que propónse a implantación no municipio dun sistema de recarga para vehículos eléctricos co obxectivo de promover a adquisición progresiva deste tipo de vehículos entre a poboación e tentar reducir as emisións de CO2 vencelladas aos vehículos convencionais, obxectivo que figura igualmente no Plan de Acción da Axenda Urbana da Ribeira Atlántica.

O Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, conforme ó disposto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal da taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos, segundo a seguinte redacción:

“Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos

Artigo 1º. Fundamento e natureza

- 1. En exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polo artigo 133.2 y 142 da Constitución e 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a que en particular concede, respecto as taxas, o artigo 57 do TR 2/2004 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos, que rexerese pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas se axustan ás disposicións contidas nos artigos 20 a 27 TR 2/2004.*

Artigo 2º. Feito imponible

- 1. De conformidade co previsto no Art. 20.1 A) do TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos para a súa explotación comercial.*

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

- 1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades as que se refire o Art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular para a súa explotación comercial.*

Artigo 4º. Devindicación e período impositivo

- 1. A devindicación da taxa producirase cando se inicie o uso privativo, producíndose o 1 de xaneiro de cada ano para aqueles aproveitamentos de duración superior á unha anualidade.*
- 2. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia.*



Artigo 5°. Base imponible e cota tributaria

1. De conformidade co previsto no artigo 24.1 a) TR 2/2004 da lei reguladora das bases de réxime local, a base imponible da taxa estará composta polo importe bruto anual de todos os ingresos percibidos pola explotación das instalacións, tanto os provenientes dos usuarios que utilicen o servizo de carga para os seus vehículos, como os obtidos por servizos accesorios (publicidade, etc.), excluídos impostos indirectos deducibles (IVE) así como aquelas partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da empresa.
2. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 0,75 %.
3. No caso de concorrencia competitiva para a concesión do aproveitamento do dominio público, o tipo de gravame indicado na presente ordenanza terá a consideración de tarifa base para ser obxecto de mellora polos licitadores.

Artigo 6. Réxime de xestión

1. A taxa esixiranse en réxime de autoliquidación, que deberá practicarse e ingresarse polos suxeitos pasivos antes do 31 de xaneiro do período impositivo seguinte ao que corresponda.
2. Xunto coa autoliquidación, deberá presentarse una memoria xustificativa do importe da base imponible que deberá conter coma mínimo:
 1. Relación de enerxía medida en kw/h subministrada no período en cada instalación, desglosada por meses naturais, acompañado de informe da distribuidora para o punto de subministro (CUPS).
 2. Xustificación de la base empregada para o cálculo da taxa, para o cal se presentará informe no que se desglose o número de cargas efectuadas polos usuarios, os kw/h subministrados, o prezo unitario da enerxía facturada aos usuarios e o importe total.
 3. Relación de outros ingresos accesorios da explotación, de existir.
3. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar a autoliquidación e os datos xustificativos para o cálculo da cota tributaria de xeito telemático, utilizando os modelos e formularios previstos na Sede Electrónica municipal para tal efecto. A utilización de calquera outro medio dará lugar a que a documentación non se terá por presentada, coas consecuencias previstas na lexislación tributaria.
4. As normas previstas neste artigo terán carácter supletorio respecto as previsións establecidas nos pregos que rexan os procesos de concorrencia competitiva para a concesión do aproveitamento do dominio público.

Artigo 7. Infraccións e sancións

Estarase ó disposto sobre a materia na Lei Xeral Tributaria e disposicións de desenrolo na materia.



FIRMANTE - FECHA



DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno Municipal entrará en vigor logo da súa aprobación definitiva ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa derogación expresa ou tácita.

“

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña e nun diario dos de maior difusión da provincia, para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobada.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 PSG_PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 21 de marzo de 2023 sobre **APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL PARA A INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA DE COCHE ELÉCTRICO** en consecuencia aproba:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal da taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos, segundo a seguinte redacción:

“Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos

Artigo 1º. Fundamento e natureza

2. En exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polo artigo 133.2 y 142 da Constitución e 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a que en particular concede, respecto as taxas, o artigo 57 do TR 2/2004 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 19/04/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/04/2023 13:45:19



vehículos eléctricos, que rexerese pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas se axustan ás disposicións contidas nos artigos 20 a 27 TR 2/2004.

Artigo 2º. Feito imponible

2. De conformidade co previsto no Art. 20.1 A) do TR 2/2004 da lei reguladora das Facendas Locais constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa do dominio público local para a instalación de puntos de carga de vehículos eléctricos para a súa explotación comercial.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

2. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades as que se refire o Art. 33 da Lei Xeral Tributaria, que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular para a súa explotación comercial.

Artigo 4º. Devindicación e período impositivo

3. A devindicación da taxa producirase cando se inicie o uso privativo, producíndose o 1 de xaneiro de cada ano para aqueles aproveitamentos de duración superior á unha anualidade.
4. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa en cuxo caso o período impositivo axustarase a esa circunstancia.

Artigo 5º. Base imponible e cota tributaria

4. De conformidade co previsto no artigo 24.1 a) TR 2/2004 da lei reguladora das bases de réxime local, a base imponible da taxa estará composta polo importe bruto anual de todos os ingresos percibidos pola explotación das instalacións, tanto os provenientes dos usuarios que utilicen o servizo de carga para os seus vehículos, como os obtidos por servizos accesorios (publicidade, etc.), excluídos impostos indirectos deducibles (IVE) así como aquelas partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da empresa.
5. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 0,75 %.
6. No caso de concorrencia competitiva para a concesión do aproveitamento do dominio público, o tipo de gravame indicado na presente ordenanza terá a consideración de tarifa base para ser obxecto de mellora polos licitadores.

Artigo 6. Réxime de xestión

5. A taxa esixiranse en réxime de autoliquidación, que deberá practicarse e ingresarse polos suxeitos pasivos antes do 31 de xaneiro do período impositivo seguinte ao que corresponda.



FIRMANTE - FECHA



6. Xunto coa autoliquidación, deberá presentarse una memoria xustificativa do importe da base impositiva que deberá conter coma mínimo:
 4. Relación de enerxía medida en kw/h subministrada no período en cada instalación, desglosada por meses naturais, acompañado de informe da distribuidora para o punto de suministro (CUPS).
 5. Xustificación de la base empregada para o cálculo da taxa, para o cal se presentará informe no que se desglose o número de cargas efectuadas polos usuarios, os kw/h subministrados, o prezo unitario da enerxía facturada aos usuarios e o importe total.
 6. Relación de outros ingresos accesorios da explotación, de existir.
7. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar a autoliquidación e os datos xustificativos para o cálculo da cota tributaria de xeito telemático, utilizando os modelos e formularios previstos na Sede Electrónica municipal para tal efecto. A utilización de calquera outro medio dará lugar a que a documentación non se terá por presentada, coas consecuencias previstas na lexislación tributaria.
8. As normas previstas neste artigo terán carácter supletorio respecto as previsións establecidas nos pregos que rexan os procesos de concorrencia competitiva para a concesión do aproveitamento do dominio público.

Artigo 7. Infraccións e sancións

Estarase ó disposto sobre a materia na Lei Xeral Tributaria e disposicións de desenrolo na materia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno Municipal entrará en vigor logo da súa aprobación definitiva ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa derogación expresa ou tácita.

“

2º) Expoñer o expediente ao público mediante a publicación de anuncio no BOP de A Coruña e nun diario dos de maior difusión da provincia, para que no prazo de 30 días os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias oportunas, transcorrido o cal, se non se presentase ningunha entenderase definitivamente aprobada.

(nestes intres, sendo as 21.55 h polo Sr. alcalde decrétese un descanso de 30 minutos, ao abeiro do disposto no artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, reanudándose a sesión as 22.25 h)

8.-INICIO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DOS TERRENOS NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.



Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

Considerando que é necesario para este Municipio proceder á adquisición dun ben sito no lugar de Cubeliños, parroquia de Santa Uxía de Ribeira para a construción dun novo centro de saúde, coas seguintes características:

De acordo cos datos da Xerencia de Catastro, ten unha superficie de 2.174 m² e cunha fronte ao vial de acceso (linde este) de 100,29 metros lineais, ao linde norte 17,71 m e ao linde sur 17,34 m, lindando a súa fronte oeste cara unha zona verde.

NORMATIVA URBANÍSTICA

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A00801040, coma solo urbano (S.U.) no seu plano 3.11, de Clasificación e Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 coa ordenanza de aplicación núm.1, para o solo urbano.

*Según informe do arquitecto municipal ascende a valoración do TERREO á cantidade de **OITOCENTOS NOVENTA E DOUS MIL SEISCENTOS TRINTA E CINCO euros e SETENTA céntimos.***

A este valor, debería descontárselle o custe de demoler a construción existente, que segundo bases de prezos oficias, se estima unha superficie construída en planta soto do entorno dos 700 m², un custe de demolición do forxado executado de 71,30 €/m², e da cimentación executada de 104,75 €/m³, dando coma resultados os seguintes custes:

Demolición de Forxado de teito de planta soto: 700 m² x 71,30 €/m² = 49.910 €

Demolición de cimentación de planta soto: 350 m³ x 104,75 €/m³ = 36.662,50 €

Total custes demolición: 86.572,50 €

VALOR FINAL DO PREDIO (TERREO – CUSTE DEMOLICIÓN EXISTENTE):

892.635,70 € - 86.572,50 € = 806.063,20 EUROS

*Ascendendo a presente valoración FINAL á cantidade de **OITOCENTOS SEIS MIL SESENTA E TRES euros e VINTE céntimos.***

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Iniciar o procedemento para a adquisición directa do ben descrito nos antecedentes.*

SEGUNDO. *Ordenar a redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que debe rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.*

TERCEIRO. *Que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.*

CUARTO. *Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.”*

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM** do **BNG** e no seu nome por D. Luis Pérez Barral que é do seguinte tenor literal:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231076677
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 19/04/2023 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/04/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/04/2023 13:45:19		Fecha: 19/04/2023 Hora: 13:45



Desde o exectivo local lanzáronse, a través dos medios de comunicación, diferentes anuncios desde o ano 2021 sobre as localizacións posibles para este equipamento.

Agora, no tempo de desconto deste mandato, o goberno local somete a votación plenaria a compra dun terreo de 2174 m2 situado no lugar de Cubeliño por 806.063 euros.

Cómpre salientar que este asunto non foi tratado na Mesa de Mobilidade nin en Xunta de Voceiros, órganos consultivos nos que se podería tratar de buscar un emprazamento axeitado e consensuado.

Desde o Bloque Nacionalista Galego mostramos serias dúbidas de que o lugar escollido sexa o idóneo por unha serie de motivos que pasamos a detallar de maneira sucinta.

O lugar de Cubeliño presenta unhas pendentes que deberían ser tidas en conta para aquelas persoas que teñen dificultades de mobilidade.

As inclinacións desta zona poden xerar problemas para poder chegar e moverse con comodidade.

Por outra banda, este lugar atópase moi lonxe de calquera parada de transporte público facendo tremendamente dificultosa a chegada de persoas que carezan de vehículo particular.

Con respecto ao fluxo de tráfico, habería que facer un pequeno estudo de mobilidade e de necesidade de estacionamento para poder acoller a toda a actividade do centro sanitario.

Por desgraza, xa estamos habituados a que os centros de saúde e hospitais carezan dun número suficiente de estacionamentos provocando

Emenda de substitución proposta:

PRIMEIRO. O Goberno local buscará espazos accesíbeis, chás e con acceso directo á rede de transporte público.

SEGUNDO. O Goberno local encargarlle ao departamento de Urbanismo a selección de posibles parcelas da superficie requirida para a construción do novo centro de saúde. Posteriormente a Policía Local emitirá un informe de idoneidade de cada unha destas parcelas. Finalmente estes documentos serán remitidos á Mesa de Mobilidade e Xunta de Voceiros para o seu estudo.

TERCEIRO. O Goberno local reunirá a Mesa de Mobilidade para debater os posibles emprazamentos para logo elevar unha proposta consensuada ao Pleno da Corporación Municipal.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame así como da emenda de substitución do GM do BNG, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria no primeiro lugar a **emenda de substitución do GM do BNG**, en cumprimento do disposto no artigo 116.1.e do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 12 (2 BNG, 7PBBI, 2 PSG-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-VOTOS EN CONTRA: 9 PP

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta aprobala emenda de substitución do GM do BNG** sobre ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas data 21 de marzo de 2023 relativo a **INICIO EXPEDIENTE DE**



**COMPRAVENDA DOS TERRENOS NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN
NOVO CENTRO DE SAÚDE** en consecuencia aproba:

PRIMEIRO. O Goberno local buscará espazos accesíbeis, chás e con acceso directo á rede de transporte público.

SEGUNDO. O Goberno local encargalle ao departamento de Urbanismo a selección de posíbeis parcelas da superficie requirida para a construción do novo centro de saúde. Posteriormente a Policía Local emitirá un informe de idoneidade de cada unha destas parcelas. Finalmente estes documentos serán remitidos á Mesa de Mobilidade e Xunta de Voceiros para o seu estudo.

TERCEIRO. O Goberno local reunirá a Mesa de Mobilidade para debater os posibles emprazamentos para logo elevar unha proposta consensuada ao Pleno da Corporación Municipal.

**9.-APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO CARREIRA HORIZONTAL
EMREPEGADOS PÚBLICOS CONCELLO DE RIBEIRA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS
QUE PROCEDAN.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

“VISTO o expediente sobre aprobación do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal dos empregados públicos do Concello de Ribeira, según acordo adoptado polo Pleno da Corporación na Sesión Ordinaria realizada o día 28 de novembro de 2023.

REMATADO o trámite de exposición ao público (BOP nº 229 de 2 de decembro) durante o que se presentaron as seguintes dúas alegacións:

- Maria Victoria Noche Caneiro con nº de rexistro 24.575 de data 21/12/2022.

- Manuel Antonio Pino Rengel con nº de rexistro 24.674 de data 22/12/2022.

TENDO en conta que o texto proposto foi o resultado do acordado polo conxunto da Asamblea Xeral dos empregados públicos do Concello de Ribeira e que as alegacións desvirtuarían o sentir maioritario dos proponentes do mesmo.

Realizada a tramitación legalmente establecida propónse á Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais que, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón emita ditame favorable sobre o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.-Desestimar as alegacións ó acordo de aprobación inicial do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal dos empregados públicos do Concello de Ribeira presentadas durante o trámite de información ao público do mesmo polos motivos esgrimidos na parte expositiva do presente acordo.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231076677
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 19/04/2023		Fecha: 19/04/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/04/2023		Hora: 13:45
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/04/2023 13:45:19		



SEGUNDO. *Aprobar de xeito definitivo o Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal dos empregados públicos do Concello de Ribeira nos termos en que figura no expediente*

TERCEIRO. *O Concello de Ribeira comprométese a engadir o crédito necesario para facer efectivo o regulamento de carreira horizontal nos orzamentos do 2023*

CUARTO.-*Publicar o texto convenio do Regulamento no BOP e na sede electrónica do Concello de Ribeira para o seu coñecemento e efectos.*

QUINTO.-*Notificar de xeito individual o presente acordo ós interesados que presentaron alegacións ós efectos oportunos coa indicación expresa dos recursos que contra o mesmo procederan.*

SEXTO. *Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 PSG_PSOE, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023 sobre **APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO CARREIRA HORIZONTAL EMPREGADOS PÚBLICOS CONCELLO DE RIBEIRA** en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.-*Desestimar as alegacións ó acordo de aprobación inicial do Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal dos empregados públicos do Concello de Ribeira presentadas durante o trámite de información ao público do mesmo polos motivos esgrimidos na parte expositiva do presente acordo.*

SEGUNDO. *Aprobar de xeito definitivo o Regulamento para o recoñecemento da carreira horizontal dos empregados públicos do Concello de Ribeira nos termos en que figura no expediente*

TERCEIRO. *O Concello de Ribeira comprométese a engadir o crédito necesario para facer efectivo o regulamento de carreira horizontal nos orzamentos do 2023*



CUARTO:-Publicar o texto convenio do Regulamento no BOP e na sede electrónica do Concello de Ribeira para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO:-Notificar de xeito individual o presente acordo ós interesados que presentaron alegacións ós efectos oportunos coa indicación expresa dos recursos que contra o mesmo procederan.

SEXTO: Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto

10.-APROBACIÓN DEFINITIVA RELACION DE POSTOS DE TRABAJO EMPREGADOS PÚBLICOS CONCELLO DE RIBEIRA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 20 de marzo de 2023 e que é do seguinte tenor literal:

APROBADA INICIALMENTE a través de acordo plenario de data 28 de novembro de 2022 a modificación inicial da relación de postos de traballo do Concello de Ribeira.

REMATADO o trámite de exposición ao público (BOP nº 229 de 2 de decembro) durante o que se presentaron as seguintes alegacións:

- Francisco Montemuiño Nieto con nº de rexistro 24.301
- Miguel Angel Vidal Lojo con nº de rexistro 25.189
- Juan José Siera Valiño con nº de rexistro 25.202
- Unai González Suárez con nº de rexistro 25.207
- Sandra Maria Fernández Gómez con nº de rexistro 25.209 e 25210
- Angel Manuel Pena Romay con nº de rexistro 25.058
- José Eugenio Millán Muñiz con nº de rexistro 24.472
- Marcos Fernández Santamaria con nº de rexistro 24.584
- Juan José Rivas Lage con nº de rexistro 24.677
- Maria Victoria Noche Caneiro con nº de rexistro 24.766
- Jose Manuel Olveira Brión con nº de rexistro 25.061
- Ariana Cajaraville Chacón con nº de rexistro 25.119
- Manuel Antonio Pino Rengel con nº de rexistro 24.376

VISTO o informe emitido sobre o particular por D Santos Lorenzo Lorenzo elaborado ao abeiro da asistencia técnica formalizada ao efecto, para a resolución das alegacións presentadas contra a aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Ribeira e que se incorpora á presente proposta como parte integrante da mesma.

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO:-Resolver nos termos indicados no informe emitido por D. Santos Lorenzo Lorenzo as alegacións presentadas durante o trámite de información pública do acordo plenario de data 28 de novembro de 2022 polo que se aproba inicialmente a modificación inicial da relación de postos de traballo do Concello de Ribeira.

SEGUNDO: En consecuencia, aprobar de xeito definitivo a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20231076677
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 19/04/2023	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/04/2023	Fecha: 19/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/04/2023 13:45:19		Hora: 13:45



TERCEIRO. *Publicar íntegramente o presente acordono Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concellode Ribeira.*

CUARTO. *Remitir una copia do mesmo á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*

QUINTO.-*Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (9 PP-2 PSG-PSOE)

-VOTOS EN CONTRA: 10 (7 PBBI, 2 BNG, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de marzo de 2023 sobre **APROBACIÓN DEFINITIVA RELACION DE POSTOS DE TRABALLO EMPREGADOS PÚBLICOS CONCELLO DE RIBEIRA** e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.-*Resolver nos termos indicados no informe emitido por D. Santos Lorenzo Lorenzo as alegacións presentadas durante o trámite de información pública do acordo plenario de data 28 de novembro de 2022 polo que se aproba inicialmente a modificación inicial da relación de postos de traballo do Concello de Ribeira.*

SEGUNDO. *En consecuencia, aprobar de xeito defintivo a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello.*

TERCEIRO. *Publicar íntegramente o presente acordono Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na sede electrónica do Concellode Ribeira.*

CUARTO. *Remitir una copia do mesmo á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.*

QUINTO.-*Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posibel para garantir a plena efectividade do presente acordo.*

Antes de rematar a Sesión o Sr. alcalde-presidente da conta dos seguintes puntos da orde do día

(.....)

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 19/04/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 19/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/04/2023 13:45:19

DOCUMENTO: 20231076677

Fecha: 19/04/2023
Hora: 13:45



27.- DAR CONTA APROBACIÓN PLAN ANUAL CONTROL FINANCIERO 2023.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun informe de Intervención do seguinte tenor literal:

PARTE I EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.1. INTRODUCCIÓN

O control do gasto é necesario e obrigatorio na sociedade actual e a propia Constitución Española no artigo 31.2 establece que o gasto público realizará una asignación equitativa dos recursos públicos, e a súa programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía.

*O presente Plan Anual de Control Financeiro responde ás necesidades impostas polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o **novo Real Decreto 424/2017**, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, así como a obriga de controlar a xustificación de subvencións concedidas recollida na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, mediante un control financeiro a posteriori en materias que foran obxecto dunha fiscalización limitada ou incluso mediante auditoría de cumprimento sobre a actividade reflectida nas contas anuais das sociedades mercantís dependentes.*

I.2. O CONTROL INTERNO.

*De acordo co fixado no artigo 136 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade das Administracións Locais (en adiante, LRBRL), a función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, **na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia**, corresponderá á Intervención xeral municipal.*

O artigo 92 bis da citada LRBRL establece que son funcións públicas necesarias en todas as Corporacións Locais as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación.

*Segündescripción contida na páxina oficial do Tribunal de Contas, a finalidade última do control interno da Entidade local é garantir que a actividade económico-financeira de dita Entidade adecúase aos **principios de legalidade, economía, eficiencia e eficacia**. Este control contribúe a reforzara transparencia ante o cidadán das contas da Entidade local, de forma que estas proporcionen unha información fiable, completa, profesional e independentesobre a xestión desenvolvida pola Administración. Na Administración local española o control interno de cada entidade está atribuídoá Intervención Municipal.*

I.3. O NOVO MARCO LEGAL.

*O artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (en adiante, TRLRFL), **trala modificación experimentada con motivo da promulgación da Lei 27/2013**, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, formula o seguinte mandato:*

“Se exercerán en las Entidades Locales con la extensión y efectos que se determina en los artículosiguientes las funciones de control interno respecto de sugestión económica, de los organismos autónomos y de las sociedades mercantiles de ellasdependientes, en sus modalidades de función interventora, función de control financiero, incluida la auditoría de cuentas de las entidades que se determinen reglamentariamente, y función de control de la eficacia.

*A propuesta del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, **el Gobierno establecerá lasnormas sobre los procedimientos de control, metodología de aplicación, criterios de actuación, derechos y deberes del personal controlador y destinatarios de los informes de control, que se deberán seguir en el desarrollo de las funciones de control indicadas en el apartado anterior.***

Los órganos interventores de las Entidades Locales remitirán con carácter anual a la Intervención General de la Administración del Estado un informe resumen de los resultados de los citados controles desarrollados en cada ejercicio, en el plazo y con el contenido que se regulen en las normas indicadas en el párrafo anterior.

Transcorridos máis de tres anos desde que o mencionado mandato foi establecido, o 12 de maio de 2017 viu a luz no BOE a publicación do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que seregula o Réxime Xurídico do Control Interno nas Entidades do Sector Público Local (en adiante, RD424/2017), disposición de carácter regulamentario cuxa entrada en vigor prevíuse para o 1 de xullo de 2018.

Especial atención precisaría todo o relativo ao control financeiro que, xunto á función fiscalizadora, integra o control interno económico-financeiro da entidade local y das entidades dependentes.

Convén destacar neste punto que no artigo 29.4 do RD424/2017 recóllese que noexerciciodo control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría públicavixentes en cada momento para o sector público estatal.

I.4. AS DIFERENTES EXPRESIÓNS DO CONTROL INTERNO ECONÓMICO FINANCIERO.



O citado RD424/2017 establece o marco operacional que dimana do control interno na súa máis ampla acepción; o que se manifesta nas diferentes formas en que dito control interno se aplica. Ditas diferenzas pódense de releve tanto na metodoloxía que se emprega como no ámbito do seu alcance. As modalidades son as seguintes:

I.4.1. FUNCIÓN INTERVENTORA: INTERVENCIÓN FORMAL

Na súa modalidade de fiscalización previa, consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos **legais** para a adopción do acordo mediante **exame de documentos** que previamente deban estar incorporados ao expediente.

I.4.2. FUNCIÓN INTERVENTORA: INTERVENCIÓN MATERIAL

Ten por obxecto comprobar a **real e efectiva aplicación** dos fondos públicos.

I.4.3. O CONTROL PERMANENTE

Según o artigo 29.2 do RD 424/2017, o control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora co obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financieira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, **co fin último de mellorar a xestión** no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, **organizativo e procedimental**. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría. O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, como as actuacións que sexan atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor (véxase a este respecto o previsto no 4.1.b) Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación nacional, mediante RD128/2018).

I.4.4. A AUDITORÍA PÚBLICA

Segundo co artigo 29.3 do RD424/2017, a auditoría pública consistirá na verificación, **realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática**, da actividade económico-financieira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e **instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado**. A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades: a auditoría de contas e as auditorías de cumprimento e operativa.

Distingúense tres tipos de auditorías:

a) Auditorías de contas.

Teñen por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables y orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada (artigo 29.3.A do RD424/2017).

b) Auditorías de cumprimento.

Teñen como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financieira leváronse a cabo de conformidade coas normas que lles son de aplicación (artigo 29.3.B do RD424/2017).

c) Auditorías operativas.

Teñen como obxecto a **exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos** dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financieira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección de aquelas (artigo 29.3.B do RD424/2017).

I.5. ÁMBITOS SUBXECTIVOS DE APLICACIÓN DAS DIFERENTES MODALIDADES DE CONTROL INTERNO.

Atendendo aos contidos do RD 424/2017 o ámbito subxectivo do control interno aplicado ao Concello de Ribeira sería o seguinte:

ooo)	ppp) FUNCIÓN INTERVENTORA	qqq) CONTROL FINANCEIRO		
rrr)	sss)	ttt) CONTR OL PERMANENTE	uuu) AUDITORÍA	
vvv)	www)	xxx)	yyy) DE CONTAS	zzz) DE CUMPRIMENTO/OPERATIVA
aaaa) CONCE LLO DE RIBEIRA	bbbb) SÍ	cccc) SÍ	dddd) NO N	eeee) NON

PARTE II O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO, ALCANCE E FINS.



FIRMANTE - FECHA



II.1. O PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO COMO INSTRUMENTO DE PLANIFICACIÓN.

O apartado 3ª da Exposición de motivos do RD 424/2017 recolle que, como novidade importante a destacar, o texto desenrola a necesidade e obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación do control financeiro. Para elo, introdúcese como requisito básico que o órgano interventor elabore e adopte un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións e alteracións que se produzan. O Plan Anual de Control Financeiro, sobre a base dunha análise de riscos, deberá asegurar, conxuntamente co exercicio da función interventora, cando menos, un control efectivo do oitenta por cento do orzamento xeral consolidado.

Pola súa parte, o artigo 31 do RD 424/2017 desenrola a planificación do control financeiro con mención expresa aos órganos aos que atinxe a súa confección, aplicación e obtención de conclusións. A estes efectos establece dito artigo que:

“1. El órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financiero que recogerá las actuaciones de control permanente y auditoría pública a realizar durante el ejercicio.

2. El Plan Anual de Control Financiero incluirá todas aquellas actuaciones cuya realización por el órgano interventor derive de una obligación legal y las que anualmente se seleccionen sobre la base de un análisis de riesgos consistente con los objetivos que se pretendan conseguir, las prioridades establecidas para cada ejercicio y los medios disponibles. A estos efectos, se incluirán en el Plan las actuaciones referidas en el artículo 29.4 del Reglamento.

El concepto de riesgo debe ser entendido como la posibilidad de que se produzcan hechos o circunstancias en la gestión sometida a control susceptibles de generar incumplimientos de la normativa aplicable, falta de fiabilidad de la información financiera, inadecuada protección de los activos o falta de eficacia y eficiencia en la gestión.

Una vez identificados los riesgos será necesario asignar prioridades para seleccionar las actuaciones a realizar. De esta manera, se realizará una evaluación para estimar la importancia del riesgo, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, y se atenderá a la conveniencia de seleccionar controles con regularidad y rotación, evitando tanto repetir controles en actividades económico-financieras calificadas sin riesgo como que se generen debilidades precisamente por la ausencia reiterada de control.

3. Identificados y evaluados los riesgos, el órgano interventor elaborará el Plan Anual concretando las actuaciones a realizar e identificando el alcance objetivo, subjetivo y temporal de cada una de ellas. El Plan Anual de Control Financiero así elaborado será remitido a efectos informativos al Pleno.

4. El Plan Anual de Control Financiero podrá ser modificado como consecuencia de la ejecución de controles en virtud de solicitud o mandato legal, variaciones en la estructura de las entidades objeto de control, insuficiencia de medios o por otras razones debidamente ponderadas. El Plan Anual de Control Financiero modificado será remitido a efectos informativos al Pleno.”

II.2. ALCANCE SUBXECTIVO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

A partir das consideracións contidas nos epígrafes anteriores, o alcance subxectivo do Plan Anual de Control Financeiro esténdese ao Concello de Ribeira unicamente, por non ter estas entidades dependentes.

II.3. ALCANCE TEMPORAL DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023. Ao presente plan sucederá outro en cuxa elaboración terase en consideración as conclusións alcanzadas neste. Ata que non sexa aprobado, o presente plan entenderase prorrogado.

II.4. CONTIDOS XERAIS DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.

Os contidos que debe incorporar un Plan Anual de Control Financeiro veñen descritos en termos xerais no artigo 31.2 do RD 424/2017, anteriormente reproducido.

Distingúense dous tipos de contidos:

1. As actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obriga legal.



2. As actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretenden conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

II.4.1. ACTUACIÓNS DERIVADAS DE OBRIGAS LEGAIS.

Identifícase como actuacións de control financeiro permanente derivadas de obrigas legais as que se relacionan a continuación segundo o previsto no artigo 4.1.b) do RD 128/2018:

1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.
3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.
4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.
5. La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.
6. Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.

II.4.2. ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS.

